Establécese como mínimo esixible para alcanzar a avaliación positiva no conxunto do Módulo que o/a alumno/a teña superado positivamente os Criterios de Avaliación cos contidos asignados sinalados para cada unha das Unidades Didácticas, avaliados segundo o procedemento indicado para cada caso, así como o cumprimento dos valores indicados no apartado Programación da educación en valores segundo os criterios alí sinalados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.

Este módulo consta de tres partes diferenciadas: Comunicación, Sociedade e Lingua Inglesa. A nota global de cada avaliación será a calculada a partir das seguintes porcentaxes:

COMUNICACIÓN: 40%

SOCIEDADE: 30%

LINGUA INGLESA: 30%.

A NOTA de cada avaliación correspondente a cada un dos bloques no que se divide o módulo sairá da suma das notas media de probas escritas, proba prácticas e traballo diario. A porcentaxe será a seguinte:

PROBAS ESCRITA: 60%

EXPRESIÓN ORAL: 10%. Constará dunha ou varias exposicións orais sobre contidos relacionados coa materia.

TRABALLO DIARIO: na aula-taller 30%. Farase un seguimento do traballo do alumnado, tanto das tarefas da aula coma das individuais realizadas na casa, incluídas tarefas escritas avaliábeis, as cales deben ser entregadas en prazo. No caso da unidade didáctica relacionada coas competencias e desenvolvemento de lingua estranxeira, a porcentaxe será distinta:

PROBA ESCRITA: 90%

TRABALLO NA AULA: 10%

A cualificación positiva será 5 sobre 10.

A nota final correspondente ó módulo será a media aritmética das avaliacións.

A non asistencia a algunha/s da/s proba/s de avaliadoras suporá a obrigatoriedade de presentarse á/s proba/s de recuperación fixadas ao longo do curso; en ningún caso se realizarán repeticións de proba/s.

Cando algún alumno sexa descuberto copiando durante calquera proba avaliadora, será cualificado cun 0 (cero) dándosele a oportunidade de realizar unha recuperación.

Perderase o dereito a avaliación continua cando o número de faltas sen xustificar alcancen o 10% do número de horas totais do módulo.

No caso de perda de dereito de avaliación continua o alumnado poderá presentarse a avaliación extraordinaria na data fixada polo centro educativo, na cal terá que realizar as probas prácticas e escritas que versaran sobre os contidos de TODO o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O período que se adicará as actividades de RECUPERACIÓN será do 6 ao 21 de xuño, comprendido entre a data da avaliación final e a data da avaliación extraordinaria. Neste período TODO o alumnado deberá asistir as clases aínda que xa teña superado o módulo.

As actividades de recuperación versarán sobre os contidos desenvolvidos durante o curso, nas distintas unidades didácticas e irán encamiñadas a acadar a avaliación positiva con actividades de reforzo e consolidación para o alumnado que non as teña superadas, e actividades de consolidación e ampliación para os que teñen o módulo superado.

As actividades de recuperación consistirán na realización de traballos escritos sobre os contidos conceptuais e traballos prácticos sobre os contidos procedimentais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de avaliación continua non é de aplicación ao alumnado dos ciclos de formación profesional básica na idade de escolarización básica.

O alumnado que non teña superado o módulo na avaliación final realizada nas datas de finalización do período lectivo, poderá presentarse a avaliación EXTRAORDINARIA que se realizará nas datas establecidas polo centro educativo coincidindo co remate do curso escolar. O período entre a avaliación final e a avaliación final extraordinaria será adicado a recuperación do módulo, con actividades de CONSOLIDACIÓN, REFORZO e AMPLIACIÓN prácticas e escritas, coa finalidade de que alumnado co modulo suspenso logre acadar a valoración positiva .

Terase en conta o informe individualizado do alumno.

A proba de recuperación extraordinaria consistirá :

Proba ESCRITA que versará sobre os contidos de todo o módulo a realizar nun máximo de 3 sesións.

Proba PRÁCTICA que versará sobre os traballos practico realizados na aula-taller durante o curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado

coa que será traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso, teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos, como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, é o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será a final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción ao tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Dita información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente.
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa.
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso.

Non obstante, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación.

Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o alumnado adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados para alcanzar a avaliación positiva. As flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

Nota - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

- Metodoloxía diversa.
- Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundan, considerando esenciais os mínimos esixibles.
- Proposta de actividades diferenciadas.
- Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espazos de resposta mas ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplan os contidos esenciais.
- Propoñer actividades que respondan a distintos graos de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.
- Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.
- Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa máis sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo.
- A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou afondamento e fomentar a cooperación.

Acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de tutoría.

No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica, normalmente coincidindo co Exame Final Extraordinario.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

- Unha común para todos os alumnos co fin de asimilar os contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de aprofundar nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está estreitamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.

Con esta idea, fixéronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

- Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
- Asistiuse con puntualidade ás clases.
- Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
- Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
- Rigor no manexo da documentación.
- Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, produtos, técnicas.
- Orde e método de traballo.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclahe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión propóranse os seguintes obxectivos:

- Respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes.
- Non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...).

- Trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional.

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- Facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...).
- Informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais.
- Proporcionarase un autocoñecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos-

O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:

- Respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos.
- Responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías.
- Potenciar o reciclado dos residuos.
- Evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles.
- Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
- Traballo en equipo.
- Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.
- Calidade do traballo.
- Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
- Seguridade e hixiene no traballo.
- Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
- Procurouse non desperdiciar materiais.
- Coidouse a reciclaxe.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.

Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliábeis. De selo, informarase ao alumnado previamente



coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

- Cursos no IES con empresas do sector.
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.
- Cooperación con asociacións

Os obxectivos destas actividades están dirixidas a:

- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional dos nosos alumnos.
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 32009116 | 12 de Outubro | Ourense | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| IMP | Imaxe persoal | CBIMP11 | Peiteado e estética | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| AM3012 | Comunicación e ciencias sociais II | 2023/2024 | 4 | 135 | 162 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--|
| Profesorado asignado ao módulo | JOSÉ RAMÓN LÓPEZ BARREIRA,XOANA RODRÍGUEZ ROMERO,MARIA DEL ROCIO PIDRE MOSQUERA (Subst.) |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que as alumnas e os alumnos sexan capaces de recoñecer as características básicas dos fenómenos relacionados coa actividade humana e mellorar as súas habilidades comunicativas. A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo que integra coñecementos básicos relativos a ciencias sociais, lingua castelá e galega e literatura, estará enfocada ao uso de ferramentas básicas da análise textual, á elaboración de información estruturada tanto oral como escrita, á localización espazo-temporal dos fenómenos sociais e culturais e o respecto á diversidade de crenzas e a pautas de relación cotiá en distintas sociedades e grupos humanos, que involucren aos estudantes en tarefas significativas que lles permitan traballar de xeito autónomo e en equipo. Neste módulo terán un tratamento fundamental as competencias relacionadas coa comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información. A Comunicación e a Educación cívica e constitucional obterán nel un tratamento transversal. Este módulo contribuirá a desenvolver valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o principio de igualdade de trato e non discriminación por mor de calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe | | |
|--------|--|------------|--------------------|----------|---------------------------|------|------|
| | | | | | 301299 | | |
| | | | | | RA 1 | RA 2 | RA 3 |
| 1 | A ilustración e as súas consecuencias, a sociedade liberal e a sociedade democrática | | 8 | 9 | X | | |
| 2 | Estrutura económica e a súa evolución | | 8 | 8 | X | | |
| 3 | Relacións internacionais. grandes potencias e conflito colonial | | 8 | 8 | X | | |
| 4 | Construción europea | | 9 | 8 | X | | |
| 5 | Modelo democrático español | | 9 | 8 | X | | |
| 6 | Estratexias de comunicación escrita en lingua galega e en lingua castelá | | 20 | 8 | X | X | X |
| 7 | Estratexias de comunicación oral en lingua galega e en lingua castelá | | 20 | 8 | X | X | X |
| 8 | Interpretación de textos literarios en lingua castelá e galega desde o século XIX | | 14 | 4 | | X | |
| 9 | Interpretación de textos literarios en lingua castelá e galega desde comezos do século XX | | 14 | 5 | | X | |
| 10 | Coñecemento e respecto pola diversidade lingüística, a historia social da lingua galega e da lingua castelá desde comezos do século XX e valoración do estándar e da necesidade de normalizar a lingua galega. | | 12 | 4 | | X | |
| 11 | Interpretación e elaboración de mensaxes sinxelas escritas en lingua inglesa | | 12 | 10 | | | X |
| 12 | Interpretación e comunicación de textos orais cotiáns en lingua inglesa | | 18 | 10 | | | X |
| 13 | Interacción en conversas en lingua inglesa | | 10 | 10 | | | X |
| Total: | | | 162 | | | | |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 1 | A ilustración e as súas consecuencias, a sociedade liberal e a sociedade democrática | 8 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|--|--------------------|
| 1.1 Identificar e comprender a importancia das sociedades contemporáneas e a súa influencia na creación da sociedades democráticas actuais | 1 | Identificar as principais características das sociedades contemporáneas analizando as características básicas da súa organización social, política e económica | 8,0 |
| TOTAL | | | 8 |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|----------------------------|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente | • PE.1 | S | 50 |
| CA1.6 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia desde o século XIX ata a actualidade no contexto xeral e máis próximo, e sinaláronse os principais modelos de organización social e política que se foron xestando | • PE.2 | S | 50 |
| TOTAL | | | 100 |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade. |

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|------------------------------------|--|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Identificar as principais características das sociedades contemporáneas analizando as características básicas da súa organización social, política e económica | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado indentifica as principais características das sociedades contemporáneas analizando os trazos básicos da súa organización social, política e económica | <ul style="list-style-type: none"> Resumos feitos polos alumnos | <ul style="list-style-type: none"> Textos facilitados polo profesor | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 | 8,0 |
| TOTAL | | | | | | 8,0 |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------------------|----------|
| 2 | Estrutura económica e a súa evolución | 8 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Identificar os axentes económicos e os factores de produción | 1 | Descrición dos axentes económicos e factores de produción | 8,0 |
| 1.2 Coñecer que, como e para quen producir | | | |
| 1.3 Identificar os aspectos máis destacables do proceso de globalización | | | |
| TOTAL | | | 8 |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|----------------------------|-------------------|------------------------|
| CA1.2 Sinalouse e explicouse o proceso de unificación do espazo europeo e a súa relevancia na construción da sociedade española e galega, analizando a súa evolución e argumentando a súa influencia na política nacional | • PE.1 | S | 40 |
| CA1.3 Identificáronse e valoráronse as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e á cooperación internacional, ao desenvolvemento sustentable, á loita contra o cambio climático e á cidadanía global | • PE.2 | S | 40 |
| CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a propia capacidade de acción, e valorouse a contribución das misións e dos programas dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos | • LC.1 | S | 20 |
| TOTAL | | | 100 |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Institucións e organizacións sociais, políticas e económicas na actualidade. |
| O proceso de construción europea: integración económica, monetaria e cidadá. |

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|------------------------------------|--|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Descrición dos axentes económicos e factores de produción | | <ul style="list-style-type: none"> Os alumnos identifican os axentes económicos e os factores de produción os alumnos identifican os aspectos máis destacables do proceso de globalización | <ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados polo alumnado | <ul style="list-style-type: none"> Textos facilitados polo profesor Visualización de vídeos | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.1 PE.2 | 8,0 |
| TOTAL | | | | | | 8,0 |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Relacións internacionais. grandes potencias e conflito colonial | 8 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Identificar os principais conflitos e as súas consecuencias, derivadas das relacións nacionais e internacionais na época contemporánea | 1 | Identificar as grandes potencias e os seus conflitos internacionais e nacionais | 8,0 |
| TOTAL | | | 8 |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as <u>situacións e os problemas do presente</u> | <ul style="list-style-type: none"> • PE.1 | S | 40 |
| CA1.6 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia desde o século XIX ata a actualidade no contexto xeral e máis próximo, e sinaláronse os principais modelos de organización social e política <u>que se foron xestando</u> | <ul style="list-style-type: none"> • PE.2 | S | 40 |
| CA1.7 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de <u>pertenza a minorías etnoculturais</u> | <ul style="list-style-type: none"> • LC.1 | S | 20 |
| TOTAL | | | 100 |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.</p> <p>Organización social e política desde o século XIX ata a actualidade: a transformación política do ser humano (desde a servidume á cidadanía).</p> <p>0Discriminacións: causas e consecuencias. Movements cara á igualdade da muller, con exemplos de mulleres relevantes da historia contemporánea. Logro dunha efectiva igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</p> <p>As relacións internacionais e o estudo de conflitos e violencias. O Holocausto</p> <p>Significado e función das expresións artísticas e culturais do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais de obras ou movementos artísticos significativos.</p> <p>As formacións identitarias (ideoloxías, nacionalismos e movementos supranacionais).</p> |

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|------------------------------------|--|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Identificar as grandes potencias e os seus conflitos internacionais e nacionais | | <ul style="list-style-type: none"> Os alumnos identifican as grandes potencias e os seus conflitos internacionais e nacionais | <ul style="list-style-type: none"> Resumos feitos polos alumnos | <ul style="list-style-type: none"> Textos facilitados polo profesor Mapa mundi | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.1 PE.2 | 8,0 |
| TOTAL | | | | | | 8,0 |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 4 | Construción europea | 9 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|--|--------------------|
| 1.1 Identificar as etapas que levaron a situación actual da unidades europea | 1 | Realización de actividades sobre as etapas da formación da Unión Europea | 6,0 |
| 1.2 Comprender cal é a situación de España e Galicia no marco da Unión Europea | | | |
| 2.1 Coñecer como é a estrutura de goberno da Unión Europea | 2 | Actividades de recompilación dos principais órganos de goberno e institucións da Unión Europea | 3,0 |

TOTAL
9
4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|--|-------------------|------------------------|
| CA1.2 Sinalouse e explicouse o proceso de unificación do espazo europeo e a súa relevancia na construción da sociedade española e galega, analizando a súa evolución e argumentando a súa influencia na política nacional | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 | S | 40 |
| CA1.3 Identifícaronse e valoráronse as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e á cooperación internacional, ao desenvolvemento sustentable, á loita contra o cambio climático e á cidadanía global | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 | S | 30 |
| CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorouse a contribución das misións e dos programas dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 | S | 30 |
| TOTAL | | | 100 |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.</p> <p>0España e Galicia en Europa: proceso de transformación e contextualización dos aspectos políticos, sociais, económicos e culturais na formación da identidade.</p> <p>A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: orixe, xustificación e implicacións na vida cotiá.</p> <p>Institucións e organizacións sociais, políticas e económicas na actualidade.</p> <p>España en Europa e no mundo. A seguridade e a cooperación internacional. Os compromisos internacionais de España.</p> <p>O compromiso social: mediación, resolución pacífica de conflitos e proxectos comunitarios.</p> |

| Contidos |
|---|
| Convivencia cívica e cultura democrática: incorporación e implicación na sociedade civil. O recoñecemento dos dereitos LGTBQ+ Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos contemporáneos e actuais. O proceso de construción europea: integración económica, monetaria e cidadá. Institucións europeas: orixe, principios básicos, funcionamento e funcións. Cidadanía europea e global: ideas e actitudes para a formación dunha identidade común. |

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|------------------------------------|--|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Realización de actividades sobre as etapas da formación da Unión Europea | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado analiza o proceso de unificación do espazo europeo e a evolución política dos países membros da Unión Europea O alumnado analiza a evolución das relacións internacionais contemporáneas, elaborando S 20 O alumnado busca explicacións causais e consecutivas que permitan desenvolver opinións propias sobre os conflitos actuais | • | • | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 | 6,0 |
| Actividades de recompilación dos principais órganos de goberno e institucións da Unión Europea | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado analiza a evolución dos principais órganos da Unión Europea. | <ul style="list-style-type: none"> Visionamento de vídeos e exercicios completados polo alumnado | <ul style="list-style-type: none"> Textos facilitados polo profesor Internet | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 | 3,0 |

| | |
|--------------|------------|
| TOTAL | 9,0 |
|--------------|------------|

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 5 | Modelo democrático español | 9 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 Coñecer a historia recente de España | 1 | Busca de información sobre a organización do Estado español. | 5,0 |
| 2.1 O Estado das autonomías. O Estatuto de Autonomía de Galicia | 2 | Busca e elaboración de información sobre as autonomías en España | 4,0 |
| TOTAL | | | 9 |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA1.5 Identifícanse, interpretáronse e analizáronse os principios, valores, deberes e dereitos fundamentais da Constitución española, o sistema democrático, as súas institucións e as súas organizacións sociais, políticas e económicas, así como a importancia do sistema constitucional e dos estatutos autonómicos, e explicouse a súa función como mecanismos que regulan a convivencia e a vida en comunidade | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 | S | 100 |
| TOTAL | | | 100 |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social en España como exemplo de país de migrantes.</p> <p>A Constitución española. Modelo territorial de España e de Galicia; ordenamento normativo autonómico, estatal e supranacional.</p> <p>O sistema democrático: a súa construción, os seus principios básicos recollidos na Constitución; distintos modelos e norma institucional básica dos estatutos de autonomía; o Estatuto de Galicia.</p> <p>A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral cidadá e á convivencia social.</p> <p>Convivencia cívica e cultura democrática: incorporación e implicación na sociedade civil. O recoñecemento dos dereitos LGBTQ+</p> <p>A lei como contrato social: a constitución e o exercicio da cidadanía.</p> |

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|------------------------------------|---|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Busca de información sobre a organización do Estado español. | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado busca información sobre a organización do Estado . español | <ul style="list-style-type: none"> Visionamento de vídeos | <ul style="list-style-type: none"> Internet | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 | 5,0 |
| Busca e elaboración de información sobre as autonomías en España | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado busca información sobre as autonomías de España e | <ul style="list-style-type: none"> Investigación realizada polo alumnado | <ul style="list-style-type: none"> Internet | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 | 4,0 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|-------------------------------|------------------------|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | tamén as identifica nun mapa. | | <ul style="list-style-type: none"> Mapa de España | | |
| TOTAL | | | | | | 9,0 |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Estratexias de comunicación escrita en lingua galega e en lingua castelá | 20 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá | NO |
| RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo | SI |
| RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados | NO |

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|--|--------------------|
| 1.1 Identificar as características que diferencian os diferentes tipos de texto en lingua galega | 1 | Realización de actividades de lectura, escritura, de diferentes tipos de textos en lingua galega | 10,0 |
| 2.1 Diferenciar os diferentes tipos de texto | 2 | Explicacións características de los diferentes tipos de textos | 10,0 |
| TOTAL | | | 20 |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|---|----------------------------|-------------------|------------------------|
| CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas | • LC.1 | S | 5 |
| CA1.9 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación | • LC.2 | S | 5 |
| CA2.1 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas | • LC.3 | S | 5 |
| CA2.2 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación | • LC.4 | S | 5 |
| CA2.3 Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada | • PE.1 | S | 15 |
| CA2.4 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais | • LC.5 | S | 5 |
| CA2.5 Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse borradores e revisáronse, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical | • PE.2 | S | 10 |
| CA2.6 Participouse de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística | • LC.6 | S | 5 |
| CA2.7 Léronse con autonomía textos seleccionados en función dos propios gustos, os intereses e as necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas | • LC.7 | S | 5 |
| CA2.8 Compartiuse a experiencia de lectura literaria en soportes diversos, relacionando o sentido da obra cos seus elementos formais e contextuais, e relacionando o texto lido con outras manifestacións artísticas en función de temas, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos | • LC.8 | S | 5 |
| CA2.9 Actuouse con empatía e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional | • LC.9 | S | 5 |
| CA3.5 Participouse en situacións interactivas e en accións guiadas síncronas e asíncronas, breves e sinxelas, en lingua estranxeira, sobre temas cotiáns próximos ao seu ámbito profesional ou de relevancia persoal, amosando empatía e respecto pola cortésia lingüística e a etiqueta dixital, así como polas necesidades, as ideas, as inquietudes, as iniciativas e as motivacións das persoas interlocutoras | • LC.1 | S | 20 |
| CA3.6 Utilizáronse, de forma guiada e en contornos profesionais e persoais próximas á súa experiencia, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións en lingua estranxeira | • TO.1 | S | 20 |
| CA3.7 Mellorouse a capacidade de se comunicar en lingua estranxeira utilizando os coñecementos e as estratexias do repertorio lingüístico e cultural propio, con apoio doutras persoas participantes e de soportes analóxicos e dixitais | • TO.2 | S | 10 |
| CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento profesional e persoal, identificando os elementos culturais e lingüísticos que fomentan o respecto, a sustentabilidade e a democracia | • OU.1 | S | 10 |
| TOTAL | | | 100 |

4.13.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora.</p> <p>0Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</p> <p>Estratexias básicas para identificar, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.), a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos ás situacións propias do seu ámbito profesional de especialización e á vida cotiá.</p> <p>Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística e cultural.</p> <p>Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</p> <p>Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a</p> <p>Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, na produción e na coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, tanto do ámbito profesional de especialización como do persoal.</p> |

| Contidos |
|--|
| Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a esas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas. |
| Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional en que se insire o ciclo formativo e do ámbito profesional. |
| Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados a eses padróns. |
| Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, a produción e a coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración para a aprendizaxe e a comunicación tanto no ámbito profesional de especialización como no persoal. |

4.13.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|------------------------------------|---|--|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Actividades de escoita de breves audios de situacións cotiás | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado realizará diversos exercicios de repaso de audición, principalmente diálogos con expresións cotiás básicas en lingua inglesa | <ul style="list-style-type: none"> Audicións e exercicios completados polo alumnado | <ul style="list-style-type: none"> Libro dixital, Internet | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 OU.1 PE.1 PE.2 TO.1 TO.2 | 5,0 |
| Lectura e escoita de mensaxes orais | | <ul style="list-style-type: none"> O alumnado mantén interaccións utilizando diversas estratexias de comunicación esenciais para amosar o interese e a comprensión. O alumnado emprega estruturas gramaticais e oracións sinxelas, e un repertorio esencial e S 15 limitado de expresións, frases, palabras frecuentes e marcadores de discurso | <ul style="list-style-type: none"> Exercicios orais feitos polo alumnado | <ul style="list-style-type: none"> Audicións guiadas Modelos de interacción | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 OU.1 PE.1 PE.2 TO.1 | 5,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | lineais | | | • TO.2 | |
| TOTAL | | | | | | 10,0 |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Estabécese como mínimo exixible para alcanzar a avaliación positiva no conxunto do Módulo que o/a alumno/a teña superado positivamente os Criterios de Avaliación cos contidos asignados sinalados para cada unha das Unidades Didácticas, avaliados segundo o procedemento indicado para cada caso , así como o cumprimento dos valores indicados no apartado Programación da educación en valores segundo os criterios alí sinalados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.

Este módulo consta de tres partes diferenciadas: Comunicación, sociedade e lingua inglesa. A nota global de cada avaliación será a calculada a partir das seguintes porcentaxes:

COMUNICACIÓN: 40%

SOCIEDADE: 30%

LINGUA INGLESA: 30%.

A NOTA de cada avaliación correspondente a cada un dos bloques no que se divide o módulo sairá da suma das notas media de probas escritas, proba prácticas e traballo diario a que se aplicará a seguinte porcentaxe:

PROBAS ESCRITA:60%

EXPRESIÓN ORAL: 10%. Constará dunha ou varias exposicións orais sobre contidos relacionados coa materia.

TRABALLO DIARIO: na aula-taller 30%. Farase un seguimento do traballo do alumnado, tanto das tarefas da aula coma das individuais realizadas na casa, incluídas tarefas escritas avaliábeis, as cales deben ser entregadas en prazo. No caso da unidade didáctica relacionada coas competencias e desenvolvemento de lingua estranxeira, a porcentaxe será distinta:

PROBA ESCRITA: 90%

TRABALLO NA AULA: 10%

A cualificación positiva será 5 sobre 10.

A nota final correspondente ó módulo será a media aritmética das avaliacións.

A non asistencia a algunha/s da/s proba/s de avaliadoras suporá a obrigatoriedade de presentarse á/s proba/s de recuperación fixadas ao longo do curso; en ningún caso se realizarán repeticións de proba/s.

Cando algún alumno sexa descuberto copiando durante calquera proba avaliadora, será cualificado cun 0 (cero) dándosele a oportunidade de realizar unha recuperación.

Perderase o dereito a avaliación continua cando o número de faltas sen xustificar alcancen o 10% do número de horas totais do módulo.

No caso de perda de dereito de avaliación continua o alumnado poderá presentarse a avaliación extraordinaria na data fixada polo centro educativo, na cal terá que realizar as probas prácticas e escritas que versaran sobre os contidos de TODO o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O período que se adicará as actividades de RECUPERACIÓN será do 6 ao 21 de xuño, comprendido entre a data da avaliación final e a data da avaliación extraordinaria. Neste período TODO o alumnado deberá asistir as clases aínda que xa teña superado o módulo.

As actividades de recuperación versarán sobre os contidos desenvolvidos durante o curso, nas distintas unidades didácticas e estarán dirixidas a acadar a avaliación positiva con actividades de reforzo e consolidación para o alumnado que non as teña superadas, e actividades de consolidación e ampliación para os que teñen o módulo superado.

As actividades de recuperación consistirán na realización de traballos escritos sobre os contidos conceptuais e traballos prácticos sobre os contidos procedimentais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de avaliación continua non é de aplicación ao alumnado dos ciclos de formación profesional básica na idade de escolarización básica.

O alumnado que non teña superado o módulo na avaliación final realizada nas datas de finalización do período lectivo, poderá presentarse á avaliación EXTRAORDINARIA que se realizará nas datas establecidas polo centro educativo coincidindo co remate do curso escolar. O período entre a avaliación final e a avaliación final extraordinaria será dedicado á recuperación do módulo, con actividades de CONSOLIDACIÓN, REFORZO e AMPLIACIÓN prácticas e escritas, coa finalidade de que alumnado co módulo suspenso logre acadar a valoración positiva .

Terase en conta o informe individualizado do alumno.

A proba de recuperación extraordinaria consistirá :

Proba ESCRITA que versará sobre os contidos de todo o módulo a realizar nun máximo de 3 sesións.

Proba PRÁCTICA que versará sobre os traballos practicos realizados no taller durante o curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado coa que será traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso, teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos, como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, é o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será a final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción ao tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Esta información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente.
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa.
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso.

Non obstante, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación.

Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o alumnado adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados para alcanzar a avaliación positiva. As flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

-Metodoloxía diversa.

-Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundan, considerando esenciais os mínimos esixibles.

-Proposta de actividades diferenciadas.

-Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espazos de resposta máis ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplan os contidos esenciais.

-Propoñer actividades que respondan a distintos graos de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.

-Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.

-Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa máis sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo.

-A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou afondamento e fomentar a cooperación.

Se cumpren os catro puntos, acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de tutoría.

No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica, normalmente coincidindo co Exame Final Extraordinario.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

-Unha común para todos os alumnos co fin de asimilar os contidos mínimos.

-Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de afondar nos coñecementos adquiridos.

-Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está intimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe á formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.

Con esta idea, fixéronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

-Puntualidade no inicio e remate das tarefas.

-Asistiuse con puntualidade ás clases.

-Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.

-Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.

-Rigor no manexo da documentación.

-Interpretáronse instrucións dos materiais, produtos, técnicas.

-Orde e método de traballo.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe de produtos, aforro de auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, polo tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión, propóranse os seguintes obxectivos:

-Respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes.

-Non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...).

-Trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional.

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, cómpre propoñer recursos que lle faciliten ao alumnado información laboral ou ben a continuidade nos estudos:

-Facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...).

-Informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais.

-Proporcionarase un autoconhecimento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos.

O Medio Ambiente será tratado directamente na aula e no entorno educativo, polo que se propón:

-Respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos.

-Responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías.

-Potenciar o reciclado dos residuos.

-Eitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles.

-Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.

-Traballo en equipo.

-Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.

-Calidade do traballo.

-Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.

-Seguridade e hixiene no traballo.

-Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.

-Procurouse non desperdiciar materiais.

-Coidouse a reciclaxe.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.

Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliábles. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

-Cursos no IES con empresas do sector.

-Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.

-Desfiles.

-Cooperación con asociacións

Os obxectivos destas actividades están dirixidas a:

-Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional dos nosos alumnos.

-Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.

-Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 32009116 | 12 de Outubro | Ourense | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| IMP | Imaxe persoal | CBIMP11 | Peiteado e estética | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|----------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP3005 | Atención á clientela | 2023/2024 | 3 | 58 | 69 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|---------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | CRISTINA QUIROGA IGLESIAS |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación corresponde o módulo profesional de atención a clientela, desenvolvendo o currículo de este módulo na Formación Profesional Básica de 2º Curso.

DECRETO 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Módulo profesional impartido no I.E.S. 12 de Outubro, Ourense cuxo currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo deste módulo profesional de ATENCIÓN A CLIENTELA que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios do módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitan conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Os profesionais que superen este módulo exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, coa cosmética, ou aqueles nos que se desempeñen tarefas de execución de maquillaxe, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa.

Ó remate deste Módulo de ATENCIÓN O CLIENTE (2º Formación Profesional Básica), o alumno será capaz de desenrolar as funcións básicas de Axudante

Estas persoas exercen xeralmente a súa actividade por conta allea en salóns de peiteado e de beleza, en salas de peiteado e/ou estética, en ximnasios ou centros de beleza de hoteis, residencias de persoas maiores, , baixo a supervisión de persoal técnico responsables. Tamén poden realizar de xeito autónomo servizos básicos de peiteado, manicura e pedicura, depilación e maquillaxe

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de atención e servizo á clientela, tanto na información previa como na posvenda do produto ou servizo. A definición desta función abrangue aspectos como: Comunicación coa clientela. Información do produto como base do servizo. Atención de reclamacións



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe | | | | |
|--------|--|------------|--------------------|----------|---------------------------|------|------|------|------|
| | | | | | 300500 | | | | |
| | | | | | RA 1 | RA 2 | RA 3 | RA 4 | RA 5 |
| 1 | Atención da clientela. | | 14 | 20 | X | | | | |
| 2 | Comunicación ca clientela. | | 12 | 20 | | X | | | |
| 3 | Informar a clientela do servizo realizado | | 15 | 20 | | | X | | |
| 4 | Recoñecer as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora | | 12 | 20 | | | | X | |
| 5 | Atención de reclamacións e a seguridade nos servizos | | 16 | 20 | | | | | X |
| Total: | | | 69 | | | | | | |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 1 | Atención da clientela. | 14 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación | SI |

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|---------------------------|--------------------|
| 1.1 1.1.1 A emisión de seguridade e confianza do cliente no proceso de peiteado que leve a cabo o profesional | 1 | O proceso de comunicación | 14,0 |
| TOTAL | | | 14 |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Analízase o comportamento da clientela posible | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Describir os elementos de comportamento da clientela | S | 10 |
| CA1.2 Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Adaptar a actitude e o discurso a situación | S | 10 |
| CA1.3 Obtívose a información necesaria da posible clientela | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Procurar a información da posible clientela | S | 10 |
| CA1.4 Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta | <ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Empregar as técnicas e actitudes apropiadas para a comunicación. | S | 10 |
| CA1.5 Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.) | <ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Manter unha conversa utilizando léxico, fórmulas e nexos axeitados | S | 15 |
| CA1.6 Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario de preguntas | S | 15 |
| CA1.7 Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as | <ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Simular unha relación de comunicación | S | 10 |
| CA1.8 Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato | <ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Actitudes no taller cara os demais | S | 15 |
| CA1.9 Transmítiuse información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa | <ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Transmitir información con claridade e orden. | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen. |

| Contidos |
|---|
| Barreiras e dificultades comunicativas. Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais. Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal. |

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|--|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| O proceso de comunicación - Comunicación verbal e emisión de mensaxes orais | <ul style="list-style-type: none"> Determinar a comunicación e atención o cliente. | <ul style="list-style-type: none"> Prácticas en taller sobre comunicación entre cliente e profesional | <ul style="list-style-type: none"> Cientes correctamente atendidos | <ul style="list-style-type: none"> Libros de texto, aulataler, videos. | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Describir os elementos de comportamento da clientela PE.2 - Procurar a información da posible clientela PE.3 - Cuestionario de preguntas TO.1 - Adaptar a actitude e o discurso a situación TO.2 - Empregar as técnicas e actitudes apropiadas para a comunicación. TO.3 - Manter unha conversa utilizando léxico, fórmulas e nexos axeitados TO.4 - Simular unha relación de comunicación TO.5 - Actitudes no taller cara os demais TO.6 - Transmitir información con claridade e orden. | 14,0 |
| TOTAL | | | | | | 14,0 |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 2 | Comunicación ca clientela. | 12 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustifícaa desde o punto de vista técnico | SI |

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 1.1 Saber transmitir a clientela o produto ofrecido e o trato don aquelas persoas que especializan o produto | 1 | Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores | 12,0 |
| TOTAL | | | 12 |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Analizouse a tipoloxía de público | • PE.1 - Cuestionario de preguntas | S | 10 |
| CA2.2 Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral | • PE.2 - Explicar as diferencias entre o cliente e provedores | S | 20 |
| CA2.3 Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial | • TO.1 - Aplicar a terminoloxía básica de comunicación comercial | S | 10 |
| CA2.4 Diferenciouse entre información e publicidade | • PE.3 - Describir as diferencias entre información e publicidade | S | 15 |
| CA2.5 Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público | • PE.4 - Cuestionario de preguntas | S | 10 |
| CA2.6 Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables | • TO.2 - Simulacro das características do servizo. | S | 15 |
| CA2.7 Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha | • TO.3 - Asesorar sobre as opcións e características dos posibles acabados | S | 15 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA2.8 Solicitouse á clientela que comunique a elección da opción elixida | <ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Actividades prácticas | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.</p> <p>Exposición das calidades dos produtos e servizos.</p> <p>O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.</p> <p>Técnicas de venda.</p> |

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|---|---|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores - Características, funcións e actitudes do vendedor. | <ul style="list-style-type: none"> Determinar as características, funcións e actitudes do vendedor | <ul style="list-style-type: none"> Simulación en taller de comunicación entre provedores e profesionais. | <ul style="list-style-type: none"> Obtención por parte do profesional de información, correctamente explicada por parte do vendedor. | <ul style="list-style-type: none"> Libros de texto e aulataller, videos. | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario de preguntas PE.2 - Explicar as diferencias entre o cliente e provedores PE.3 - Describir as diferencias entre información e publicidade PE.4 - Cuestionario de preguntas TO.1 - Aplicar a terminoloxía básica de comunicación comercial | 12,0 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | <ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - Simulacro das características do servizo. • TO.3 - Asesorar sobre as opcións e características dos posibles acabados • TO.4 - Actividades prácticas | |
| TOTAL | | | | | | 12,0 |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Informar a clientela do servizo realizado | 15 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas | SI |

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 1.1 Acabado do servizo e seguimento post-venta. | 1 | .Explicar as vantaxes de produtos e servizos | 15,0 |
| TOTAL | | | 15 |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA3.1 Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Pautas de información de servizos e artigos | S | 10 |
| CA3.2 Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso | <ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Transmitir a clientela as operacións a realizar e o tempo dos mesmos | S | 10 |
| CA3.3 Identifícanse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Elaborar os documentos dun servizo ou produto | S | 15 |
| CA3.4 Recolleuse a conformidade da clientela co acabado obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Crear un documento para a valoración do servizo | S | 10 |
| CA3.5 Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela | <ul style="list-style-type: none"> TO.3 - En prácticas no taller | S | 20 |
| CA3.6 Mantívose sempre o respecto cara á clientela | <ul style="list-style-type: none"> TO.4 - En prácticas no taller. | S | 20 |
| CA3.7 Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo | <ul style="list-style-type: none"> TO.5 - En prácticas no taller. | S | 5 |
| CA3.8 Definiuse o período de garantía e as obrigas legais apareladas | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Relaccina a garantía e as obrigas legais | S | 10 |
| | | TOTAL | 100 |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.</p> <p>Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.</p> <p>Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.</p> <p>Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.</p> <p>Obxeccións da clientela e o seu tratamento.</p> |

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|---|--|--|---|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| .Explicar as vantaxes de produtos e servizos - Transmitir a capacidade positiva do servizo prestado con respecto as necesidades da clientela | <ul style="list-style-type: none"> Exposición das técnicas de venta das cualidades en produtos e servizos. | <ul style="list-style-type: none"> Practicar técnicas de venta. | <ul style="list-style-type: none"> Profesionais perfectamente informados das cualidades dos produtos e dos servizos | <ul style="list-style-type: none"> Libros de texto e aulataller, videos. | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Elaborar os documentos dun servizo ou produto PE.2 - Crear un documento para a valoración do seervicio PE.3 - Relaccina a garantía e as obrigas legais TO.1 - Pautas de información de servizos e artigos TO.2 - Transmitir a clientela as operacións a realizar e o tempo dos mesmos TO.3 - En prácticas no taller TO.4 - En prácticas no taller. TO.5 - En prácticas no taller. | 15,0 |
| TOTAL | | | | | | 15,0 |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Recoñecer as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora | 12 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do servizo de atención á clientela | SI |

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|------------------------|--------------------|
| 1.1 1.1 Tipoloxía de clientes e a súa relación co servizo prestado. | 1 | Información o cliente | 12,0 |
| TOTAL | | | 12 |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA4.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario de preguntas | S | 45 |
| CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Esforzarse por acadar o éxito na atención a clientela. | S | 10 |
| CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario de preguntas | S | 45 |
| TOTAL | | | 100 |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>A persoa emprendedora no servizo de atención á clientela.</p> <p>Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na actividade de atención á clientela.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela.</p> |

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|---|--|--|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Información o cliente - Roles, obxetivos e relación cliente-profesional. | <ul style="list-style-type: none"> Determinar roles ,obxetivos e relación entre cliente e profesional. | <ul style="list-style-type: none"> Identificar roles e obxetivos na relación cliente/profesional. | <ul style="list-style-type: none"> Roles, obxetivos e relación cliente/profesional perfectamente determinados e identificados | <ul style="list-style-type: none"> Libros de texto e aulaller,videos. | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario de preguntas PE.2 - Cuestionario de preguntas TO.1 - Esforzarse por acadar o éxito na atención a clientela. | 12,0 |
| TOTAL | | | | | | 12,0 |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 5 | Atención de reclamacións e a seguridade nos servizos | 16 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación | SI |

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|--------------------------------------|--------------------|
| 1.1 1.1 Técnicas empregadas na actuación ante reclamacións | 1 | Xestión de reclamacións e seguridade | 16,0 |
| 1.2 1.2 Alternativas reparadoras | | | |
| 1.3 1.3 Documentos necesarios ou probas nunha reclamación | | | |

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|------------------------|--------------------|
| 1.4.1.4 Coidar da perigosidade consecuencia dos produtos, útiles e aparatos | | | |
| TOTAL | | | 16 |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|--|-------------------|------------------------|
| CA5.1 Ofrecéronse alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario de preguntas | S | 20 |
| CA5.2 Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Elaborar un documento relacionando a lexislación e reclamacións | S | 15 |
| CA5.3 Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - En prácticas no taller | S | 20 |
| CA5.4 Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación | <ul style="list-style-type: none"> TO.2 - En prácticas no taller. | S | 20 |
| CA5.5 Cubriuse unha folla de reclamación | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cubrir unha folla de reclamación | S | 20 |
| CA5.6 Compartiuse información co equipo de traballo | <ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Expoñer a información co equipo de traballo. | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación. |
| Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións. |

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|---|---|---|---|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión propóranse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...)
- informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
- proporcionarase un autoconhecimento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:

- respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos
- responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías
- potenciar o reciclado dos residuos
- evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.

Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliadas. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

- Cursos no IES con empresas do sector
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.
- Cooperación con asociacións

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenrolo persoal e profesional dos nosos alumnos
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades

Engadimos a colaboración coa biblioteca do propio Instituto e coas posibles actividades que desde ela se propoñan e así mesmo intentarase establecer vínculos con o IES Perdouro (Burela) a través:

- Do seu proxecto lingüístico (Modelo Burela, Proxecto Neo, Revista Maruxiá)
- Dos seus Encontros de Banda Deseña
- Das ofertas de actividades que nos propoñan

Nota- A miña participación nas actividades propostas polo Instituto e o Departamento, e decir, as que non sexan a petición propia, estará condicionada a que se desenvolvan no horario de clases máis permanencia no centro correspondentes ao día de celebración.

10.Outros apartados

10.1) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/productos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:

- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
- Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.

Cando, en base dalgun dos puntos anteriores, sexa de aplicación a prohibición de realizar as prácticas no aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

10.2) SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións das UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Exemplo: Sendo a primeira UD teórica adiantar un pouco de práctica da segunda, non influíndo isto na duración (nun principio) das mesmas. Teremo tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade.

10.3) TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs, E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Desde o módulo fomentárase a actuación dos alumnos/as na utilización das novas tecnoloxías (para a realización de traballos teóricos, busca de información, e novas relacionadas coa profesión. O Centro conta con aulas específicas onde poderán traballar con Internet, encerado dixital interactivo e así facilitarlle a todo o alumnado o acceso a estas técnicas) coma no Proxecto Lingüístico do Centro.

Nos módulos impartidos en galego, aínda que moitas veces ao carecer de libros de texto en esa lingua, os apuntes se dan en castelán, pero tanto os exames, coma as explicacións de ditos apuntes son en galego.

No caso de que exista un alumno/a de fora da Comunidade verase a posibilidade de facilitarllos en castelán.

O uso do galego en parte ven determinado porque é a lingua predominante no entorno do Centro.

10.4) FICHA DO ALUMNO

A ficha do alumno vai ser unha ferramenta básica para o/a profesor/a para garantir o correcto seguimento da evolución do alumnado. Vai conter como mínimo as seguintes informacións:

- * Datos persoais do/a alumno/a.
- * Grupo de traballo asignado.
- * Cadro de asistencia.
- * Cadro de seguimento das tarefas realizadas, incluíndo datas de inicio e remate, valoración da tarefa, etc.
- * Adaptacións específicas:
 - Reforzos.
 - Tareas de recuperación.
 - Etc
- * Resultados das distintas avaliacións, tanto parciais como finais do módulo e das distintas UD

10.5) GUÍA DO PROFESOR

A guía do profesor vai permitir realizar un seguimento directo do curso, reflectindo canta información sexa necesaria para valorar o cumprimento da programación e/ou propor melloras na mesma.

Deste xeito conterà, polo menos, para cada Unidade Didáctica e Actividade programada a seguinte información:

- * Datas de inicio e remate.
- * Sesións reais.
- * % de faltas do alumnado.



- * % de alumnado que aproba.
- * Grao de comprensión ou dificultade.
- * Observacións.

Ademais, para cada tarefa encomendada reflectirase:

- * Data de inicio e remate asignadas.
- * Título da tarefa.
- * Composición da tarefa.

10.6) DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DO SEU PESO NA AVALIACIÓN.

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicárase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

LC (Lista de Cotexo): serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio Cumpre ou Non Cumpre.

TO (Táboa de observación): avaliarase empregando unha Escala de Valoración (EV). Para o caso de traballos reflectidos na carpeta de traballo (como pode ser o caso das memorias das prácticas) aplicarase a EV: Ben, Regular, Mal. Para o caso das prácticas realizadas na aula serán avaliadas por observación directa dos resultados cunha EV numérica de 1 a 10.

OU (Outros): aplicarase unha EV: Ben, Regular, Mal

Á hora de avaliar as distintas Unidades Didácticas (UD), empregárase o seguinte criterio:

- 1º.- Para poder obter unha valoración positiva todos os LC aplicados á UD deben ter valoración Cumpre.
- 2º.- Debe obterse unha nota superior a 5 en todas as PE.
- 3º.- Para obter unha valoración positiva, a UD non pode ter TO cualificados como Mal.
- 4º.- Para obter unha valoración positiva, debe obterse unha valoración superior a 5 en todas as TO asociadas ás prácticas.
- 5º.- Para obter unha valoración positiva, a UD non pode ter OU cualificados como Mal.

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD = 35% (PE) + 65% (TO)

A nota incrementarase en función das valoracións Ben obtidas nos TO e OU asociados á UD.

No caso de non acadar o mínimo para obter unha avaliación positiva a nota máxima da UD será 4.

Para o conxunto da avaliación, deberase ter todas as UD incluídas na mesma avaliadas positivamente (5 ou máis). Neste caso farase a media aritmética de tódalas UD. No caso de ter algunha UD non superada a nota máxima será 4.

10.7) RESOLUCIÓN 2018/2019 Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011. a) Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicarse a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos discontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa. b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.

Perda do dereito á avaliación continua

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicarse que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarse a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula. 3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Solicitud de convocatoria extraordinaria

1. O alumnado que esgotase as convocatorias a que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Períodos para a realización de propostas de títulos

Con carácter xeral, as propostas de títulos para o alumnado que rematase as ensinanzas de formación profesional realizaranse tres veces por ano, ao final de cada trimestre lectivo: decembro, marzo e xuño.

Matrícula de honra en ciclos formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

10.8) COVID-19

Procedemento específico relativo a metodoloxía de ensino que se seguirá durante o curso académico 2020/21 según se estableza :

- 1.- ENSINANZA PRESENCIAL: seguiranse os criterios de cualificación, metodoloxía, procedementos de recuperación e medidas de atención a diversidade establecidas nesta programación.
- 2.- ENSINANZA SEMIPRESENCIAL: seguiranse os criterios de cualificación, metodoloxía, procedementos de recuperación e medidas de atención a diversidade establecidas nesta programación. Establecendo como ferramenta de apoio o libro de texto do módulo e, de ser posible, os contidos publicados na Aula Virtual que se indique, así como unha plataforma de comunicación que permita a comunicación interna e externa co alumnado , con fin de realizar un seguimento diario .
- 3.- ENSINANZA A DISTANCIA: A metodoloxía de traballo realizarase a través do libro de texto do módulo e, de ser posible, os contidos publicados na Aula Virtual, que permitirá unha ensinanza-aprendizaxe baseada na interacción e facilitando o alumnado o acceso os materiais didácticos e a realización de traballos e actividades de maneira individual, ademáis utilizarase unha plataforma de comunicación que permita a interacción coa profesora e cos compañeiros e compañeiras e favorezan a organización e coordinación do traballo. En canto os seguintes aspectos indicar:

Sobre os CRITERIOS DE CALIFICACIÓN MODALIDADE DE ENSINANZA A DISTANCIA

Realizarase unha sesión de avaliación e calificación en cada trimestre lectivo na que se avaliará o proceso de ensino-aprendizaxe, para cuxo seguimento e valoración se utilizarán os seguintes instrumentos:

- a) Calificación do traballo desenvolvido polos alumnos e alumnas mediante a entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou correo electrónico.

c) Calificación dunha ou varias probas obxectivas de avaliación, realizadas a través da aula virtual ou a través de videoconferencia. Se o protocolo o permite os exames serán preferentemente presenciais.

Sobre o PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN, establecerase a aula virtual como soporte para realizar os traballos, actividades e probas de recuperación establecidas neste apartado.

Sobre MEDIDAS DE REFORZO, facilitaranse a través da aula virtual en cada contido actividades de reforzo.

10.9) Recurso didáctico

Empregarase o libro de Preparación del entorno profesional de la Editorial ARÁN.

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 32009116 | 12 de Outubro | Ourense | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| IMP | Imaxe persoal | CBIMP11 | Peiteado e estética | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP3061 | Coidados estéticos básicos de uñas | 2023/2024 | 6 | 135 | 162 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|-------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA DEL PILAR ARIAS VÁZQUEZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación corresponde o módulo profesional de Coidados estéticos básicos de uñas , desenvolvendo o currículo de este módulo na Formación Profesional Básica de 2º Curso.

DECRETO 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Módulo profesional impartido no I.E.S. 12 de Outubro cuxo currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo tanto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo deste módulo profesional de Coidados estéticos básicos de uñas que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios do módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitan conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Os profesionais que superen este módulo exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral , ou aqueles nos que se desempeñen tarefas de execución de maquillaxe ,depilacións mecánicas e descoloración da peluxe, coidados estéticos básicos de uñas así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa.

Ó remate deste Módulo de Coidados estéticos básicos de uñas (2º Formación Profesional Básica), o alumno será capaz de desenrolar as funcións básicas de Axudante

Estas persoas exercen xeralmente a súa actividade por conta allea en salóns de peiteado e de beleza, en salas de peiteado e/ou estética, en ximnasios ou centros de beleza de hoteis, residencias de persoas maiores, , baixo a supervisión de persoal técnico responsables. Tamén poden realizar de xeito autónomo servizos básicos de peiteado, manicura e pedicura, depilación e maquillaxe

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de atención e servizo á clientela, tanto na información previa como na posvenda do produto ou servizo. A definición desta función abrangue aspectos como: Comunicación coa clientela. Información do produto como base do servizo. Atención de reclamacións

Esta programación cubre o currículo do módulo de Coidados estéticos básicos de uñas correspondente o título profesional básico en Peiteado e Estética .

Actualmente a nosa sociedade demanda os coidados estéticos básicos de uñas no 90% dos centros estéticos, sendo un dos servizos máis solicitados. Neste módulo preténdese iniciar a formación ó noso alumnado sobre os coidados básicos de uñas tanto de mans como pés

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe | | | |
|--------|---|--|--------------------|----------|---------------------------|------|------|------|
| | | | | | 306100 | | | |
| | | | | | RA 1 | RA 2 | RA 3 | RA 4 |
| 1 | Preparación de equipos e material de uñas de mans e pes | Prepara equipamentos, utensilios e produtos de manicura e pedicura, baixo a supervisión de persoal técnico responsable, e recoñece as súas características e as súas aplicacións | 20 | 10 | X | | | |
| 2 | Morfoloxía e principais alteracións: mans, pes e uñas. | Coñecer as principais características da morfoloxía de mans pes e uñas e recoñecer as alteracións mais salientables. | 30 | 20 | | X | | |
| 3 | Técnicas básicas de manicura | Aplica técnicas básicas de manicura baixo a supervisión do persoal técnico responsable, tendo en conta a relación das características morfolóxicas das mans e das uñas coa forma final destas últimas | 56 | 35 | | | X | |
| 4 | Técnicas básicas de pedicura | Aplica técnicas básicas de pedicura baixo a supervisión do persoal técnico responsable, tendo en conta a relación das características morfolóxicas dos pes e das uñas coa forma final de estas últimas | 56 | 35 | | | | X |
| Total: | | | 162 | | | | | |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | Preparación de equipos e material de uñas de mans e pes | 20 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Prepara equipamentos, utensilios e produtos de manicura e pedicura, baixo a supervisión de persoal técnico responsable, e recoñece as súas características e as súas aplicacións | SI |

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Definir a imaxe do axudante de manicura e pedicura e a súa hixiene | 1 | Imaxe persoal | 3,0 |
| 2.1 Seleccionar os aparellos e utensilios e materiais para manicura e pedicura técnica de uso e criterios de selección | 2 | Aparellos e utensilios e materiais | 5,0 |
| 3.1 Definir a hixiene, desinfección e esterilización | 3 | Hixiene, desinfección e esterilización | 5,0 |
| 4.1 Seleccionar cosméticos para os cuidados de uñas e manipulación | 4 | Cosméticos para os cuidados de uñas, selección, manipulación e conservación | 5,0 |
| 5.1 Valorar a protección de riscos e protección ambiental | 5 | Prevención de riscos e protección ambiental | 2,0 |
| TOTAL | | | 20 |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Coidouse a imaxe do persoal axudante de manicura e pedicura | • LC.1 - Sobre a imaxe do persoal | S | 10 |
| CA1.2 Descríbense e identifícanse os utensilios e os aparellos necesarios para levar a cabo os procesos de manicura e pedicura | • PE.1 - Utensilios, materiais e aparellos necesarios | S | 10 |
| CA1.3 Explicáronse os factores que hai que ter en conta para a selección dos utensilios de acordo co proceso que se desexe realizar | • PE.2 - Utensilios que se utilizan | S | 5 |
| CA1.4 Descríbense os métodos de hixiene e desinfección previos á aplicación da técnica | • PE.3 - Métodos de hixiene e desinfección | S | 10 |
| CA1.5 Seleccionáronse e aplicáronse as técnicas de hixiene, desinfección e esterilización dos aparellos e dos utensilios segundo os materiais e o tipo de contaminante, seguindo as instrucións do persoal responsable | • LC.2 - Técnicas de hixiene e desinfección e esterilización | S | 10 |
| CA1.6 Colaborouse na selección do material dun só uso para cada cliente/a | • TO.1 - Material dun só uso | S | 5 |
| CA1.7 Preparáronse os utensilios e os equipamentos necesarios para a técnica que se vaia realizar | • LC.3 - utensilios e os equipamentos necesarios para a técnica | S | 10 |
| CA1.8 Colocáronse correctamente os utensilios, segundo a súa orde de utilización | • LC.4 - Utensilios, segundo a súa orden de utilización | S | 10 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Craterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|-------------------|------------------------|
| CA1.9 Identifícanse os cosméticos xerais utilizados no coidado das uñas das mans e dos pés | <ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cósméticos utilizados no coidado de mans e pés | S | 5 |
| CA1.10 Seleccionáronse adecuadamente os cosméticos segundo a técnica que se vaia realizar, seguindo as indicacións do persoal responsable | <ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Selección dos cosméticos según a técnica | S | 10 |
| CA1.11 Comprobase que os cosméticos que se vaian utilizar estean en bo estado | <ul style="list-style-type: none"> LC.6 - Sobre os cosméticos | S | 5 |
| CA1.12 Descríbóronse as normas de mantemento dos utensilios de corte | <ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Mantemento dos utensilios de corte | S | 5 |
| CA1.13 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas | <ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Prevención de riscos laborais | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Axudante/a de manicura e pedicura: imaxe e hixiene do profesional.</p> <p>Descrición dos aparellos e utensilios.</p> <p>Normas de mantemento dos utensilios de corte.</p> <p>Aparellos e utensilios: tipos, técnica de uso e criterios de selección.</p> <p>Materiais dun só uso en manicura e pedicura.</p> <p>Cosméticos máis importantes para o coidado das uñas: criterios de selección; pautas de manipulación e conservación.</p> <p>Métodos de hixiene, desinfección e esterilización en manicura e pedicura.</p> <p>Medidas de prevención de riscos e protección ambiental relacionadas.</p> |

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Imaxe persoal - A imaxe persoal do axudante de manicura e pedicura e a hixiene do axudante | <ul style="list-style-type: none"> Expoñer as normas e coidados que debe manter o profesional para unha correcta imaxe profesional. | <ul style="list-style-type: none"> Aplicar e valorar as normas e coidados para unha imaxe profesional correcta. | <ul style="list-style-type: none"> Imaxe profesional correcta | <ul style="list-style-type: none"> Medios humanos e materiais necesarios | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Sobre a imaxe do persoal | 3,0 |
| Aparellos e utensilios e materiais - Descrición dos aparellos e utensilios e materiais | <ul style="list-style-type: none"> Explicar os aparellos, utensilios materiais dun so uso empregados nos procesos estéticos de manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> Identificar e definir os aparellos, utensilios materiais dun so uso empregados nos procesos de manicura e pedicura Esquematzar os aparellos, utensilios materiais dun so uso empregados nos procesos de manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> Identificar e seleccionar materiais dun so uso, utensilios e aparellos. | <ul style="list-style-type: none"> Materiais, utensilios e aparellos empregados en manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> LC.3 - utensilios e os equipamentos necesarios para a técnica LC.4 - Utensilios, segundo a súa orden de utilización PE.1 - Utensilios, materiais e aparellos necesarios PE.2 - Utensilios que se utilizan PE.5 - Mantemento dos utensilios de corte TO.1 - Material dun só uso | 5,0 |
| Hixiene, desinfección e esterilización - Definir a hixiene, desinfección e esterilización | <ul style="list-style-type: none"> Explicar os métodos de hixiene, desinfección, esterilización e mantemento nos espazos e procesos de estética de mans e pés | <ul style="list-style-type: none"> Esquematzar os métodos de hixiene, desinfección, esterilización en manicura e pedicura. Aplicar os métodos de hixiene, desinfección, esterilización en manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> Aplicación da hixiene, desinfección, esterilización Esquema. | <ul style="list-style-type: none"> Productos e medios necesarios para hixiene, desinfección, esterilización Espazos e instalacións e medios profesionais | <ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Técnicas de de hixiene e desinfección e esterilización PE.3 - Métodos de hixiene e desinfección | 5,0 |
| Cosméticos para os coidados de uñas, selección, manipulación e conservación - Seleccionar os cosméticos para os coidados de uñas | <ul style="list-style-type: none"> Explicar os cosméticos para cada fase da manicura e pedicura, selección, pautas de manipulación e conservación | <ul style="list-style-type: none"> Identificar e definir os cosméticos para cada fase do proceso de manicura e pedicura coa súa selección, pautas de manipulación e conservación Esquematzar os cosméticos para cada fase | <ul style="list-style-type: none"> Identificar e seleccionar os cosméticos de cada fase da manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> Cosméticos empregados en manicura e pedicura | <ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Selección dos cosméticos según a técnica LC.6 - Sobre os cosméticos PE.4 - Cósméticos utilizados no coidado de mans e pés | 5,0 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | do proceso de manicura e pedicura coa súa selección, pautas de manipulación e conservación | | | | |
| Prevenção de riscos e protección ambiental - Coñecer a prevención de riscos e protección ambiental | <ul style="list-style-type: none"> Expoñer as medidas de prevención de riscos e protección ambiental relacionadas | <ul style="list-style-type: none"> Aplicar as medidas de prevención de riscos e protección ambiental relacionadas | <ul style="list-style-type: none"> Aplicación das medidas de prevención de riscos e protección ambiental relacionadas. | <ul style="list-style-type: none"> Espazos e instalacións e medios profesionais | <ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Prevención de riscos laborais | 2,0 |
| TOTAL | | | | | | 20,0 |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Morfoloxía e principais alteracións: mans, pes e uñas. | 30 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Observar as uñas e recoñecer as alteracións máis salientables | SI |

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|---|--------------------|
| 1.1 Describir a morfoloxía de mans e pés | 1 | Morfoloxía de mans e pes | 5,0 |
| 2.1 Identificar as alteracións máis salientables das uñas | 2 | As uñas e as alteracións máis salientables | 10,0 |
| 3.1 Valorar a acomodación e preferencias da clientela | 3 | Acomodación e preferencias da clientela | 3,0 |
| 4.1 Coñecer a preparación do profesional e a hixiene postural do profesional e do cliente | 4 | Preparación do profesional e hixiene postural | 5,0 |
| 5.1 Elaborar a ficha técnica | 5 | Ficha técnica | 7,0 |

| | |
|--------------|-----------|
| TOTAL | 30 |
|--------------|-----------|

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Describiuse a estrutura da unha | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Estructura da unha | S | 5 |
| CA2.2 Identificáronse as alteracións máis salientables das unhas das mans e dos pés | <ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Alteracións das mans e pés | S | 10 |
| CA2.3 Detectáronse desviacións do patrón de normalidade no aspecto das unhas e da pel que se deben consultar co persoal técnico responsable | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Aspecto das unhas e da pel | S | 10 |
| CA2.4 Transmitíuselle a información ao persoal técnico responsable, se se considerou necesario | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Información o persoal técnico | S | 10 |
| CA2.5 Prestóuselle asistencia ao persoal técnico responsable na organización do servizo, atendendo as alteracións detectadas e derivando a súa atención a diferentes profesionais, en caso necesario | <ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Alteración detectadas e derivadas a diferentes profesionais | S | 10 |
| CA2.6 Formuláronse preguntas tipo que permitan detectar as preferencias da clientela para a prestación do servizo | <ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Preferencias da clientela | S | 20 |
| CA2.7 Preparouse o cliente/a para o servizo que se vaia realizar, garantindo a súa comodidade e a súa seguridade | <ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Preparar a/o cliente | S | 20 |
| CA2.8 Describiuse a posición anatómica do/da cliente/a e do/da profesional para realizar as técnicas de manicura e/ou pedicura | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Posición anatómica | S | 5 |
| CA2.9 Relaciónáronse as características morfolóxicas das mans, dos pés e das unhas para seleccionar a forma final máis adecuada | <ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Morfoloxía das mans, pés e das unhas | S | 5 |
| CA2.10 Cubriuse a ficha técnica do servizo cos datos máis salientables, seguindo as indicacións do persoal técnico | <ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Ficha técnica | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Nocións básicas de anatomía. Morfoloxía de mans, pés e uñas Estrutura das uñas. Alteracións máis salientables das uñas das mans e das dos pés. Alteracións das uñas susceptibles de tratamento estético paliativo. Técnicas de detección de preferencias da clientela. Acomodación da clientela. Preparación do/da profesional. Hixiene postural en manicura e pedicura. Ficha técnica: pautas de formalización. |

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|--|---|---|---|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Morfoloxía de mans e pes - Estudo da morfoloxía de mans e pes | <ul style="list-style-type: none"> Explicar a morfoloxía de mans, pés e uñas | <ul style="list-style-type: none"> Definir e identificar a morfoloxía de mans, pés e uñas. Esquematizar e debuxar a morfoloxía de mans, pés e uñas | <ul style="list-style-type: none"> Esquema | <ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e gráficos , modelos reais e outros | <ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Morfoloxía das mans, pés e das uñas | 5,0 |
| As uñas e as alteracións máis salientables - Descrición das uñas e as alteracións máis salientables | <ul style="list-style-type: none"> Explicar as alteracións máis salientables das uñas das mans e das dos pés. | <ul style="list-style-type: none"> Definir e identificar as alteracións máis salientables das uñas das mans e dos pés. Esquematizar as alteracións máis salientables das uñas das mans e das dos pés. | <ul style="list-style-type: none"> Esquema. Identificar e definir as alteracións máis salientables das uñas das mans e dos pés | <ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e gráficos , modelos reais e outros | <ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Aspecto das uñas e da pel PE.1 - Estructura da uña PE.2 - Alteracións das mans e pés | 10,0 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|--|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | <ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Información o persoal técnico TO.2 - Alteración detectadas e derivadas a diferentes profesionais | |
| Acomodación e preferencias da clientela - Acomodación e preferencias da clientela | <ul style="list-style-type: none"> Expoñer a acomodación e as preferencias da clientela | <ul style="list-style-type: none"> Aplicar a acomodación da clientela Identificar as preferencias da clientela | <ul style="list-style-type: none"> Acomodación da clientela Identificar as preferencias da clientela | <ul style="list-style-type: none"> Modelos reais e simulados. Material específico profesional | <ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Preferencias da clientela LC.3 - Preparar a/o cliente | 3,0 |
| Preparación do profesional e hixiene postural - Preparación do profesional e hixiene postural | <ul style="list-style-type: none"> Explicar a preparación e posición anatómica do profesional e do cliente | <ul style="list-style-type: none"> Aplicar a preparación e posición anatómica do profesional e do cliente Describir a preparación e posición anatómica do profesional e do cliente | <ul style="list-style-type: none"> Aplicación e descrición da preparación e posición anatómica do profesional e do cliente | <ul style="list-style-type: none"> Espazos e instalacións e medios profesionais | <ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Posición anatómica | 5,0 |
| Ficha técnica - Elaborar a ficha técnica | <ul style="list-style-type: none"> Explicar a elaboración, contidos e tratamento de fichas técnicas. | <ul style="list-style-type: none"> Elaborar e rexistrar fichas técnicas de manicura e pedicura en diferentes casos reais e simulado | <ul style="list-style-type: none"> Fichas técnicas | <ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e gráficos | <ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Ficha técnica | 7,0 |
| TOTAL | | | | | | 30,0 |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------------|----------|
| 3 | Técnicas básicas de manicura | 56 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Aplica técnicas básicas de manicura baixo supervisión do persoal técnico responsable, tendo en conta a relación das características morfolóxicas das mans e das uñas coa forma final destas últimas | SI |

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|--|-----|------------------------------|--------------------|
| 1.1 Elaborar os protocolos de manicura, fichas etc | 1 | Fases do proceso de manicura | 10,0 |
| 2.1 Execución da manicura | 2 | Manicura | 46,0 |
| TOTAL | | | 56 |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA3.1 Explicáronse as fases do proceso de manicura e indicáronse as operacións técnicas que se realizan en cada unha | • PE.1 - Fases do proceso de manicura e indicáronse | S | 10 |
| CA3.2 Relaciónáronse os cosméticos que se vaian utilizar de acordo con cada fase do proceso | • PE.2 - Sobre os cosméticos que se vaian utilizar de acordo con cada fase do proceso | S | 10 |
| CA3.3 Identificouse a forma adecuada de manipular os cosméticos | • PE.3 - Manipulación dos cosméticos | S | 5 |
| CA3.4 Preparouse e protexeuse correctamente o/a cliente/a e o/a profesional | • LC.1 - Preparar e protexer o cliente | S | 5 |
| CA3.5 Cubriuse a ficha baixo a supervisión de persoal técnico responsable | • PE.4 - Ficha técnica | S | 5 |
| CA3.6 Aplicouse a técnica de hixiene e desinfección das mans do/da cliente/a e do/da profesional previa ao proceso | • LC.2 - Aplicar técnicas de hixiene de mans do cliente e profesional | S | 5 |
| CA3.7 Practicouse a técnica de desmaquillaxe en dúas fases: lámina ungueal e pregamentos unguealares | • TO.1 - Técnica de desmaquillado | S | 5 |
| CA3.8 Realizouse a observación das mans e das uñas, e comunicáronse posibles alteracións ao persoal técnico responsable | • LC.3 - Observación de mans e das uñas e comunicar as posibles alteracións o profesional técnico | S | 5 |
| CA3.9 Aplicáronse as técnicas de limadura e conformación das uñas e de acondicionamento de cutículas adecuadas ás características das uñas e ao servizo solicitado polo/pola cliente/a, seguindo as indicacións do persoal técnico responsable | • LC.4 - Limado de uñas e acondicionamento de cutículas | S | 10 |
| CA3.10 Realizáronse as manobras de masaxe de mans na orde correcta, con destreza e respectando as características de cada persoa | • LC.5 - Manobras de masaxe de mans na orde correcta | S | 10 |
| CA3.11 Aplicáronse técnicas de pulidura de uñas utilizando os utensilios e os produtos adecuados, respectando as características das uñas | • LC.6 - Pulidora de uñas utilizando os utensilios e os produtos adecuados | S | 5 |

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|---|--|-------------------|------------------------|
| CA3.12 Aplicáronse con destreza os cosméticos decorativos sobre as uñas | <ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Aplicar cosméticos decorativos | S | 5 |
| CA3.13 Completouse o proceso nun tempo axeitado | <ul style="list-style-type: none"> LC.8 - Proceso nun tempo axeitado | S | 5 |
| CA3.14 Aplicáronse as técnicas de reparación de uñas partidas, en caso necesario | <ul style="list-style-type: none"> LC.9 - Reparación de uñas partidas | S | 5 |
| CA3.15 Colaborouse na avaliación dos resultados e na corrección de resultados non desexados | <ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Avaliación dos resultados | S | 2 |
| CA3.16 Realizáronse preguntas para coñecer o grao de satisfacción da clientela | <ul style="list-style-type: none"> LC.10 - Grao de satisfacción da clientela | S | 3 |
| CA3.17 Aplicáronse as especificacións de seguridade e ambientais requiridas | <ul style="list-style-type: none"> LC.11 - Aplicar as especificacións de seguridade e ambientais requiridas | S | 5 |
| TOTAL | | | 100 |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Preparación do/da profesional. Ergonomía. |
| 0 Fase de acondicionamento da cutícula. |
| Fase de masaxe: descrición das manobras de masaxe de mans, antebrazo e cóbado, e realización de manobras. |
| Fase de pulidura e/ou maquillaxe de uñas: medias lúas, maquillaxe francesa e fantasía. |
| Técnicas de reparación de uñas partidas. |
| Técnicas de avaliación de resultados e corrección de resultados non desexados. |
| Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela. |
| Especificacións de seguridade e ambientais aplicables. |
| Preparación dos utensilios, os cosméticos e o lugar de traballo para a realización do proceso. |
| Manicura: fases do proceso. |
| Recepción e acomodación da clientela. Ergonomía. |

| Contidos |
|---|
| Formalización da ficha técnica. |
| Fase de hixiene. |
| Fase de análise de mans e uñas. |
| Fase de preparación de uñas e/ou desmaquillaxe. |
| Fase de limadura e conformación das uñas. |

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|--|--|---|---|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Fases do proceso de manicura - Protocolos de manicura | <ul style="list-style-type: none"> Expoñer todas as fases do proceso de manicura | <ul style="list-style-type: none"> Elaborar por escrito todas as fases do proceso de manicura | <ul style="list-style-type: none"> Protocolo escrito | <ul style="list-style-type: none"> Medios materiais necesarios | <ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Fases do proceso de manicura e indicáronse PE.2 - Sobre os cosméticos que se vaian utilizar de acordo con cada fase do proceso PE.3 - Manipulación dos cosméticos PE.4 - Ficha técnica | 10,0 |
